

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### **BASES REGULADORAS DE LA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN AL DESARROLLO 2017**

BDNS(Identif.):352577

##### **Título**

**Extracto del acuerdo de 16 de junio de 2017 de la junta de gobierno local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por la que se aprobaron las bases reguladoras de la convocatoria pública para a concesión de subvenciones de cooperación al desarrollo 2017.**

##### **Texto**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b e 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

##### **Primero.-Entidades beneficiarias.**

Podrán solicitar ayudas para la realización de proyectos de cooperación al desarrollo, las organizaciones no gubernamentales de desarrollo que reúnan los siguientes requisitos:

&#61607; Estar legalmente constituidas e inscritas en el Registro Gallego de Agentes de Cooperación para el desarrollo de la Xunta de Galicia.

&#61607; Acreditar una experiencia mínima de 2 años en el ámbito territorial de actuación para el que se solicita el proyecto.

&#61607; Carecer de ánimo de lucro y no depender económicamente o institucionalmente de entidades lucrativas.

&#61607; Tener entre sus fines institucionales expresos, según sus propios estatutos, la realización de actividades relacionadas con la cooperación al desarrollo y el fomento de la solidaridad entre los pueblos, cooperación social o actividades similares.

&#61607; Disponer de una estructura necesaria para garantizar el cumplimiento de sus objetivos y acreditar una experiencia mínima de cuatro años realizando proyectos con la consecuente capacidad operativa para esto.

&#61607; Tener justificadas en plazo y de acuerdo con las bases reguladoras de cada convocatoria las subvenciones concedidas con anterioridad por el Ayuntamiento de Santiago.

&#61607; Estar al corriente de sus obligaciones tributarias con la Agencia estatal de la Administración Tributaria, con la Delegación de Hacienda de la Comunidad Autónoma de Galicia, con la Tesorería Territorial de la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Santiago, respectivamente.

&#61607; No estar incurso en prohibición para obtener la condición de beneficiario/a de subvenciones de conformidad con el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia y el artículo 13 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones.

&#61607; Presentar un proyecto que sea técnicamente viable.

&#61607; Tener sede, domicilio social o delegación permanente en la Comunidad Autónoma de Galicia y mantener la entidad abierta durante la ejecución del proyecto y hasta 1 año después de su finalización. Se entenderá por delegación permanente aquella que cuente con personal permanente de la organización y local fijo donde realicen sus actividades. Si tiene sede, domicilio social o delegación permanente en el término municipal de Santiago, en las mismas condiciones establecidas para el caso de la Comunidad Autónoma en este punto, será esta delegación local la que asumirá la responsa-

bilidad directa en la presentación de la solicitud y se comprometerá al mantenimiento de la documentación, la contabilidad y cogestión del proyecto. En todo caso, se especificará claramente en la solicitud.

&#61607; Compromiso de colaborar y participar, si fuera requerido para ello, con la Concejalía de Políticas Sociales, Diversidades y Salud, en un acto público de presentación de los proyectos subvencionados.

**Segundo.-Objeto.**

Subvencionar a organizaciones no gubernamentales de desarrollo (ONGD) en la realización de proyectos concretos de cooperación al desarrollo en países empobrecidos, cuya relación de gastos coincidan con la relación del artículo 12 de estas bases.

**Tercero.-Bases reguladoras.**

Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela para el año 2017 y las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria

**Cuarto.-Cuantía.**

Para el financiamiento de las subvenciones objeto de esta convocatoria se destinará un presupuesto total de 90.000,00 € (54.000,00 € con cargo a la partida presupuestaria 020 23103 49001, perteneciente al presupuesto municipal para el ejercicio económico de 2017, y 36.000,00 € irán con cargo a la partida 020 23103 79000 del mismo ejercicio económico). Se podrá subvencionar hasta el 95% del presupuesto (del proyecto) presentado, siendo la cuantía máxima de la subvención de 15.000,00 € por proyecto. Las contribuciones del resto de financiadores podrán ser contribuciones valorizadas.

**Quinto.-Plazo de presentación de solicitudes.**

Las solicitudes se presentarán en el plazo de 20 días hábiles, contados a partir del siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia. El horario del Registro General del Ayuntamiento de Santiago, del 19 de junio al 8 de septiembre de 2017 es de 9.00 a 13.00 horas, de lunes a viernes.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16/6/2017

MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE COOPERACIÓN AO DES-  
ENVOLVEMENTO 2017**

BDNS(Identif.):352577

**Extracto do acordo de 16 de xuño de 2017 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, pola que se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2017.**

**Texto**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>).

**Primeiro.-Entidades beneficiarias.**

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan os seguintes requisitos:

&#61607; Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.

&#61607; Acreditar unha experiencia mínima de 2 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto.

&#61607; Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.

Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades similares.

Dispor dunha estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos e acreditar unha experiencia mínima de catro anos realizando proxectos coa consecuente capacidade operativa para isto.

Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Santiago.

Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Santiago, respectivamente.

Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización. Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Se ten sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Santiago, nas mesmas condicións establecidas para o caso da Comunidade Autónoma neste punto, será esta delegación local a que asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto. En todo caso, especificarase claramente na solicitude.

Compromiso de colaborar e participar, se fora requirido para elo, coa Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, nun acto público de presentación dos proxectos subvencionados.

#### **Segundo.-Obxecto.**

Subvencionar a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) a realización de proxectos concretos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos, cuxa relación de gastos coincidan coa relación do artigo 12 destas bases.

#### **Terceiro.-Bases reguladoras.**

Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 e as bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

#### **Cuarto.-Contía.**

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 90.000,00 € (54.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 020 23103 49001, pertencente ao orzamento municipal para o exercicio económico de 2017, e 36.000,00 € irán con cargo á partida 020 23103 79000 do mesmo exercicio económico). Poderá subvencionarse ata o 95% do orzamento (do proxecto) presentado, sendo a contía máxima da subvención de 15.000,00€ por proxecto. As achegas do resto de financiadores poderán ser achegas valorizadas.

#### **Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes presentaranse no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O horario do rexistro Xeral do Concello de Santiago, do 19 de xuño ao 8 de setembro de 2017 é de 9.00 a 13.00 horas, de luns a venres.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16/6/2017

MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ

2017/5537